



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de acción social, educación, deportes e mocidade

Referencia: PREM-FA / 2026

Expediente convocatoria: 2025000054728

Expediente relacionado: 2026000018125

RESOLUCIÓN POLA QUE SE AVOCA A COMPETENCIA PARA A APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS E SE APROBAN AS BASES E A CONVOCATORIA DA XXXIV COPA DEPUTACIÓN DA CORUÑA DE FÚTBOL AFECCIONADO (PREM-FA / 2026)

Don **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

ANTECEDENTES

Por resolución número 29325, de 24 de xullo de 2023, o Presidente delegou na Xunta de Goberno entre outras: "A aprobación das bases de subvencións, cuxa competencia corresponda inicialmente ao presidente".

Tendo en conta a data da convocatoria da próxima Xunta de Goberno e considerando a urxencia de aprobar as Bases reguladoras da "XXXIV Copa Deputación da Coruña de fútbol afeccionado", e vistos os informes do Servizo de acción social, educación, deportes e mocidade, da Secretaría Xeral e do Servizo de Fiscalización e Control Financeiro,

RESOLVO:

Primeiro. Avocar a competencia que, con carácter xeral foi delegada por resolución número 29325, de 24 de xullo de 2023 na Xunta de Goberno, e considerando a urxencia da aprobación das Bases reguladoras da "XXXIV Copa Deputación da Coruña de fútbol afeccionado", que ven motivada pola necesidade de que as persoas destinatarias poidan facer as súas previsións respecto do obxecto da subvención neste programa para o exercicio 2026 coa suficiente antelación.

Segundo. Aprobar as Bases reguladoras da "XXXIV Copa Deputación da Coruña de fútbol afeccionado", que figuran no Anexo - Bases Reguladoras.

Terceiro. Dispoñer a publicación das bases deste programa no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Cuarto. Aprobar a convocatoria da XXXIV Copa Deputación da Coruña de fútbol afeccionado, de

conformidade coas bases reguladoras que figuran no Anexo - Bases Reguladoras.

O prazo de solicitude iniciárase ao día seguinte da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, a través da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) e rematará sete (7) días naturais antes da correspondente competición, a través da plataforma habilitada para tal fin pola Real Federación Galega de Fútbol.

Quinto. Remitir esta resolución, así como o extracto da convocatoria conforme ao Anexo - Extracto da convocatoria, á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), para a súa publicación a través do Sistema Nacional de Publicidad de Subvenciones y Ayudas Públicas, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Sexto. Dar conta desta resolución á Xunta de Goberno.

De conformidade co establecido no artigo 40.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP), infórmase de que a resolución anterior esgota a vía administrativa, de acordo co disposto no artigo 114.1) da LPACAP, polo que, en virtude do artigo 123 da referida norma, contra a presente resolución poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación, tal e como tamén preceptúa o artigo 52.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso potestativo de reposición ou se produza a desestimación presunta deste.

Así mesmo, a persoa interesada poderá interpoñer directamente contra a presente resolución recurso contencioso-administrativo, previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación, ante a Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia que corresponda, de conformidade co disposto na devandita Lei e na disposición adicional primeira da Lei orgánica 1/2025, do 2 de xaneiro, de medidas en materia de eficiencia do Servizo Público de Xustiza.

Todo isto, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

ANEXO - BASES REGULADORAS A XXXIV COPA DEPUTACIÓN DA CORUÑA DE FÚTBOL AFECCIONADO

Primeira.- Obxecto

A XXXIV Copa Deputación da Coruña de Fútbol Afeccionado ten por obxecto:

- Promover a actividade física e o deporte entre a poboación.
- Impulsar a cohesión social e a participación cidadá na provincia, utilizando o deporte como instrumento de integración e dinamización.
- Promover a provincia e os seus municipios como territorios activos, contribuíndo ao seu desenvolvemento económico e social a través do deporte.

Segunda.- Categorías

A XXXIV Copa Deputación de Coruña de Fútbol Afeccionado disputarase nas categorías de afeccionados, masculina e feminina, de acordo co disposto na base terceira.

Terceira.- Participantes

Poderán participar nesta competición os equipos da categoría afeccionados, masculina e feminina, gañadores das Copas Oficiais da Real Federación Galega de Fútbol na provincia da Coruña, que son as seguintes:

Copa A Coruña
Copa Costa da Morte
Copa Ferrol
Copa Sar

Para determinar a división competicional dos equipos terase en conta a correspondente da tempada 2025/2026.

3.1.- Requisitos das persoas participantes

Todos os xogadores que interveñan nesta competición deberán estar regulamentariamente inscritos nos seus respectivos clubs e ter abonada a cota correspondente da Mutualidade de Futbolistas Españois.

Cuarta.- Inscripcións

4.1.- Prazo de inscrición

O prazo de inscrición iníciarase o día seguinte da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, a través da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) e rematará sete (7) días naturais antes da correspondente competición.

4.2.- Forma de inscrición

As inscricións de cada equipo realizaranse por cada club a través da intranet da Real Federación Galega de Fútbol. A inscrición será de balde para todos os clubs participantes e para as persoas integrantes dos equipos.

Nas inscricións deberán constar os seguintes datos:

- Nome do club.
- Categorías nas que participa.

Compromiso de participación na competición.
Aceptación das bases e normas que regulan a competición.
Declaración que non existe ningún impedimento deportivo ou legal para a súa participación na competición.

Logo de formalizar a inscrición os equipos que se dean de baixa non poderán reclamar ningún premio.

Quinta.- Desenvolvemento da actividade

5.1.- Lugar e datas

A XXXIV Copa Deputación da Coruña de Fútbol Afeccionado desenvolverase de xeito separado, a Copa Deputación feminina da masculina; tendo lugar a masculina no mes de agosto e a feminina no mes de setembro.

As sedes, datas e horarios concretos serán os que determine a Deputación da Coruña, que serán publicadas na páxina web da Deputación e na páxina web da Federación Galega de Fútbol www.futgal.es.

5.2.- Sistema de competición

A competición disputarase polo sistema de eliminatorias a un só encontro, celebrándose nunha soa xornada en formato de sede única, celebrándose todos os partidos da xornada nunha mesma sede, de acordo coa seguinte programación:

- Mañá: semifinais masculinas ou femininas.
- Tarde: finais masculinas ou femininas que disputarán os gañadores da eliminatoria de semifinais.

5.3.- Normas de competición

O número máximo de xogadores convocados non poderá exceder de 25 futbolistas.

Poderán realizarse substitucións ilimitadas.

Os emparellamentos levaranse a cabo mediante sorteo, así como os horarios dos partidos.

5.4.- Criterios de desempate

En caso de empate, incluída a Final, resolverase a igualdade procedéndose inmediatamente despois da conclusión do partido a unha serie de lanzamentos desde o punto de penalti, de cinco por equipo, alternándose un e outro na execución daqueles, previo sorteo para que o equipo que resulte favorecido elixa ser primeiro ou segundo nos lanzamentos e debendo intervir futbolistas distintos ante unha portería común.

O equipo que consiga máis tantos, será declarado vencedor. Se ambos contendentes houbesen obtido o mesmo número, proseguirán os lanzamentos, en idéntica orde, realizando un cada equipo, precisamente por xogadores diferentes aos que interviñeron na serie anterior, ata que, efectuando ambos os igual número, un deles, marque un tanto máis.

Só poderán intervir nesta sorte os futbolistas que se atopen no terreo de xogo ao finalizar o partido, podendo en todo momento calquera deles substituír ao porteiro.

Se houbese lugar ao suposto de resolver o resultado por lanzamento desde o punto de penalti e un dos dous equipos tiver no campo, por razón das vicisitudes do partido, menos xogadores que o opoñente, este deberá excluír os que excedan, co fin de que ambos dispoñan de idéntico número.

6.- Premios

6.1.- Trofeos

Entregarase trofeo aos seguintes equipos:

- Equipos campións, masculino e feminino.
- Equipos subcampións, masculino e feminino.

6.2- Premios económicos

Destinarase un importe total de **24.000 €** en premios aos equipos participantes, distribuídos da seguinte maneira:

Equipo Campión masculino: 5.000 €
Equipo Campión feminino: 5.000 €
Equipo Subcampión masculino: 4.000 €
Equipo Subcampión feminino: 4.000 €
Equipo participante perdedor na 1ª semifinal masculina: 1.500,00 €
Equipo participante perdedor na 2ª semifinal masculina: 1.500,00 €
Equipo participante perdedor na 1ª semifinal feminina: 1.500€
Equipo participante perdedor na 2ª semifinal feminina: 1.500 €

6.3.- Aboamento de premios en metálico

A Deputación da Coruña emitirá unha resolución de concesión e pago, e tanto a concesión como o pago dos premios serán publicados na Base de Datos Nacional de Subvenciones.

A Deputación da Coruña aboará os premios mencionados na base anterior directamente aos clubs, en función da clasificación obtida e que consta na acta da clasificación das diferentes probas. As cantidades a percibir están suxeitas ás retencións legais correspondentes.

Coa finalidade de percibir os premios por participación nesta proba, que se aboarán mediante transferencia bancaria, os equipos participantes deberán achegar ao través da sede electrónica da Deputación da Coruña (solicitud xeral), e con referencia “XXXIV Copa Deputación da Coruña de Fútbol Afeccionado”, a seguinte documentación:

- NIF do club participante.
- Designación da conta bancaria na que se efectuarán os aboamentos, conforme ao modelo de designación de conta bancaria que figura na páxina web da Deputación: https://sede.dacoruna.gal/sxc/export/sites/diputacion/recursos/downloads/MODELO_DESIGNACION_CUENTA_BANCARIA_CASTELLANO_1.pdf
- Certificación de titularidade da conta seguindo as instrucións que figuran neste modelo.
- Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o club participante está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que envíe un documento autorizando expresamente á Deputación provincial da Coruña para que poida obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria, da Tesourería da Seguridade Social e da Deputación Provincial da Coruña, nas que se acredite que está ao corrente nas súas obrigas.

- Enderezo de correo electrónico do club participante a efectos de notificación.

No caso de que esta documentación fose requirida pola Deputación e non se achegase dentro do prazo sinalado, o participante perderá o dereito á concesión e ao aboamento do premio.

Sétima.- Comité de Competición e disciplina

As incidencias que poidan xurdir no desenvolvemento desta competición serán resoltas polo Comité Territorial de Competición e Disciplina.

Oitava.- Seguridade e responsabilidade

A organización adoptará as medidas de seguridade que resulten necesarias para o correcto desenvolvemento da competición, de conformidade coa normativa deportiva e de seguridade aplicable, así como coas autorizacións emitidas polos organismos competentes.

As persoas participantes deberán cumprir en todo momento as instrucións do Comité Territorial de Competición e Disciplina, do persoal da organización e das autoridades competentes, observando as normas de seguridade establecidas para a celebración da proba.

Os clubs participantes serán responsables de que os seus deportistas estean en posesión da correspondente licenza federativa en vigor e cumpran os requisitos establecidos pola normativa aplicable.

Todo equipo, polo mero feito de formalizar a súa inscrición, comprométese ao cumprimento das presentes bases reguladoras da XXXIV Copa Deputación da Coruña de Fútbol Afeccionado, así como das instrucións, acordos e resolucións adoptados polo Comité Territorial de Competición e Disciplina e pola organización para o correcto desenvolvemento da competición.

Cada club participante asumirá a responsabilidade polos danos, perdas, roubos, accidentes ou calquera outra incidencia que poida sufrir ou ocasionar antes, durante ou despois da competición e que non sexan imputables á organización da proba.

Novena.- Protección de datos

Os datos facilitados serán tratados pola Deputación da Coruña coa finalidade de tramitar esta convocatoria.

A participación nesta competición implica aceptar a realización de fotografías e/ou vídeos pola Deputación da Coruña no certame de entrega dos premios ou no desenvolvemento das actividades. As ditas imaxes poderán ser publicadas en:

- A páxina web e perfís en redes sociais da Deputación
- Filmacións destinadas á promoción da actividade
- Publicacións para dar a coñecer a actividade

A lexitimación para o tratamento dos datos persoais baséase no cumprimento dunha misión de interese público.

Os datos poderán ser comunicados ás Administracións públicas para o exercicio das súas competencias e serán conservados de acordo co establecido na normativa de arquivo.

As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Así mesmo se considera que o tratamento incumpre co

establecido no RXPDP pode reclamar perante a AEPD.

Poden consultar máis información relacionada coa protección de datos na nosa Política de Privacidade ou dirixindo un correo a delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal.

Décima.- Normativa

En todo o non previsto nas presentes bases será de aplicación o disposto nos Estatutos e Regulamentos da Real Federación Galega de Fútbol.

Toda a información, resultados, incidencias e notificacións desta competición realizaranse a través da páxina web www.futgal.es e a intranet da propia federación nunha xanela específica para a XXXIV Copa Deputación da Coruña de Fútbol Afeccionado que aglutine toda a información necesaria, comunicados e resultados.

NOTA: Esta competición forma parte do calendario oficial da Real Federación Galega de Fútbol e, mediante a súa inscrición, os clubs participantes autorizan a cesión dos datos imprescindibles á Federación para a xestión da competición, das licenzas deportivas e dos seguros obrigatorios de accidentes e responsabilidade civil.

ANEXO - EXTRACTO DA CONVOCATORIA

GALEGO

Primeiro. Beneficiarios

Equipos da categoría afeccionados, masculina e feminina, gañadores das Copas Oficiais da Real Federación Galega de Fútbol na provincia da Coruña.

Segundo. Obxecto

A XXXIV Copa Deputación da Coruña de Fútbol Afeccionado ten por obxecto:

- Promover a actividade física e o deporte entre a poboación.
- Impulsar a cohesión social e a participación cidadá na provincia, utilizando o deporte como instrumento de integración e dinamización.
- Promover a provincia e os seus municipios como territorios activos, contribuíndo ao seu desenvolvemento económico e social a través do deporte.

Terceiro. Bases reguladoras

A presente convocatoria rexerese polas Bases reguladoras publicadas no BOP.

Cuarto. Contía

Destinarase un importe total de 24.000 € en premios aos equipos participantes, distribuídos da seguinte maneira:

Equipo Campión masculino: 5.000 €

Equipo Campión feminino: 5.000 €

Equipo Subcampión masculino: 4.000 €

Equipo Subcampión feminino: 4.000 €

Equipo participante perdedor na 1ª semifinal masculina: 1.500,00 €

Equipo participante perdedor na 2ª semifinal masculina: 1.500,00 €

Equipo participante perdedor na 1ª semifinal feminina: 1.500€

Equipo participante perdedor na 2ª semifinal feminina: 1.500 €

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes comezará ao día seguinte da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, a través da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) e rematará sete (7) días naturais antes da correspondente competición, a través da plataforma habilitada para tal fin pola Real Federación Galega de Fútbol.

CASTELLANO

Primero. Beneficiarios

Equipos de la categoría afeccionados, masculina y femenina, ganadores de las Copas Oficiales de la Real Federación Galega de Fútbol en la provincia de la Coruña.

Segundo. Objeto

La “XXXIV Copa Deputación da Coruña de Fútbol Afeccionado” tiene por objeto:

- Promover la actividad física y el deporte entre la población.
- Impulsar la cohesión social y la participación ciudadana en la provincia, utilizando el deporte como instrumento de integración y dinamización.
- Promover la provincia y sus municipios como territorios activos, contribuyendo a su desarrollo económico y social a través del deporte.

Tercero. Bases reguladoras

La presente convocatoria se regirá por las Bases reguladoras publicadas en el BOP.

Cuarto. Cuantía

Se destinará un importe total de 24.000 € en premios a los equipos participantes, distribuidos de la siguiente manera:

Equipo campeón masculino: 5.000 €

Equipo campeón femenino: 5.000 €

Equipo subcampeón masculino: 4.000 €

Equipo subcampeón femenino: 4.000 €

Equipo participante perdedor en la 1ª semifinal masculina: 1.500,00 €

Equipo participante perdedor en la 2ª semifinal masculina: 1.500,00 €

Equipo participante perdedor en la 1ª semifinal femenina: 1.500€

Equipo participante perdedor en la 2ª semifinal femenina: 1.500 €

Quinto. Plazo de presentación de solicitudes

El plazo de presentación de solicitudes comenzará al día siguiente de la publicación del extracto de esta convocatoria en el Boletín Oficial da Provincia da Coruña, a través de la Base de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS) y finalizará siete (7) días naturales antes de la correspondiente competición, a través de la plataforma habilitada para tal fin por la Real Federación Gallega de Fútbol.